OBSERVACIÓNS DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL AO BORRADOR DA LEI DE PORTOS

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental realiza as seguintes observacións no ámbito das súas competencias ao borrador da Lei de Portos:

O Título II do borrador de lei regula a planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade. O artigo 30.5 prevé que os Plans directores de infraestruturas conteñan unha "*memoria ambiental no caso de que o plan deba ser sometido a avaliación ambiental estratéxica*".

A vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental xa non fai referencia á "memoria ambiental" senón á "declaración ambiental estratéxica" respecto da avaliación ambiental estratéxica ordinaria e ao "informe ambiental estratéxico" cando esteamos ante a avaliación ambiental estratéxica simplificada. En consecuencia, proponse modificar o apartado 5 do artigo 30 do borrador da lei co fin de adecualo á normativa vixente.

Proponse a seguinte redacción:

"Artigo 30. Determinacións dos plans directores de infraestruturas.

Os plans directores de infraestruturas conterán, polo menos, as seguintes determinacións: (...)

5. Declaración ambiental estratéxica no caso de que o plan deba ser sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria e informe ambiental estratéxico se o plan debe ser sometido a avaliación ambiental estratéxica simplificada. (...)"

O Capítulo IV do Título II do borrador de lei contén normas sobre a protección do medio ambiente.

O apartado 1 do artigo 42 dispón o seguinte:

"*Artigo 42. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.*

1. Prohíbese no dominio público portuario calquera tipo de vertido ou emisión contaminante, sólido, líquido ou gaseoso, sexa a que sexa a súa procedencia, así como verter terras, escombros, lixo, restos de pesca, cascotes ou calquera outro material, e os produtos resultantes da limpeza das sentinas dos buques e outras embarcacións.

Os que realizaran, aínda accidentalmente, os referidos vertidos, serán responsables de cantos custos esixa a plena rexeneración das augas, ademais das sancións que

procederan. En caso de vertidos de materiais non autorizados, Portos de Galicia ordenará a quen resulte responsable a recollida e limpeza dos terreos e augas afectadas. En caso de incumprimento Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria a cargo dos responsables.

Non terán a consideración de vertidos as obras de recheo con material de orixe terrestre ou marítimo para a modificación ou ampliación dos portos".

O apartado 1 do dito precepto contén no parágrafo primeiro unha enumeración dos materiais que está prohibido verter no dominio público portuario. Seguindo a tendencia da normativa de residuos, considérase máis conveniente realizar unha prohibición xenérica de todo abandono ou vertido de residuos, de xeito que non exista un "numerus clausus" de residuos prohibidos que habilitaría a posibilidade de verter ou abandonar todos aqueles residuos non incluídos expresamente no artigo.

En canto ao parágrafo segundo, proponse a inclusión da obriga de responder dos custos que poida orixinar, no seu caso, a descontaminación dos solos incluídos na zona do dominio público portuario dado que os vertidos de residuos poden afectar, non só as augas, senón tamén aos referidos solos.

O parágrafo terceiro exclúe da consideración de vertidos as obras de recheo con material de orixe terrestre ou marítimo para a modificación ou ampliación dos portos. Esta redacción parece contradicir o disposto no artigo 2.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. O citado precepto exclúe do seu ámbito de aplicación "*os solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados durante as actividades de construción, cando se teña a certeza de que estes materiais se utilizarán con fins de construción no seu estado natural no lugar ou obra onde foron extraídos*".

Polo tanto, proponse unha nova redacción acorde á normativa de residuos: "*A utilización de materiais naturais procedentes das escavacións poderá ser realizado nas condicións que estableza a normativa ambiental*".

De acordo co exposto, proponse a seguinte redacción do apartado 1 do artigo 42:

"*Artigo 42. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.*

1. Prohíbese o vertido de efluentes líquidos e o vertido e abandono de residuos no dominio público portuario. As emisións á atmosfera realizaranse coas limitacións e controis establecidas na lexislación sectorial.

Os que realizaran, aínda accidentalmente, os referidos vertidos, serán responsables de cantos custos esixa a plena rexeneración das augas e a posible descontaminación dos solos que estean dentro da zona de dominio público portuario, ademais das sancións que procederan. No caso de vertidos de materiais

non autorizados, Portos de Galicia ordenará a quen resulte responsable a recollida e limpeza dos terreos e augas afectadas. No caso de incumprimento, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria a cargo dos responsables, sen prexuízo das sancións que se puideran derivar polo incumprimento da normativa ambiental.

A utilización de materiais naturais procedentes das escavacións poderá ser realizado nas condicións que estableza a normativa ambiental".

O artigo 43 regula a recepción de refugallos e residuos procedentes de buque. O seu apartado 2 establece o seguinte:

"*2. As refinerías de petróleo, factorías químicas e petroquímicas, instalacións para o almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, instalacións para o abastecemento de combustibles líquidos que posúan terminais de carga ou descarga de hidrocarburos en zonas portuarias, así como os estaleiros e instalacións de reparación naval, deberán dispoñer nas proximidades das terminais e peiraos, de instalacións para a recepción e tratamento de residuos petrolíferos e químicos e de augas de sentinas, e para a limpeza de aceites, de graxas e doutros produtos contaminantes, así como os medios necesarios para prever e combater os derrames.*

A dispoñibilidade destas instalacións e medios será esixida por Portos de Galicia para autorizar o funcionamento das instalacións portuarias incluídas no apartado anterior, sen prexuízo das autorizacións que sexan esixibles por outras administracións".

Este artigo esixe para todas as instalacións citadas nel a obriga de dispoñer de instalacións para o tratamento de residuos. Consideramos que esta obriga é desproporcionada dada a actividade destas instalacións, sendo suficiente que dispoñan de instalacións de recollida de residuos e de almacenamento de residuos debidamente autorizados.

Así mesmo, proponse incluír, ademais da obriga de dispoñer dos medios necesarios para prever e combater os derrames, que teñan os medios suficientes para a prevención e loita contra a contaminación accidental terrestre e mariña.

En consecuencia, proponse a seguinte redacción do aparto 2 do artigo 43:

"*2. As refinerías de petróleo, factorías químicas e petroquímicas, instalacións para o almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, instalacións para o abastecemento de combustibles líquidos que posúan terminais de carga ou descarga de hidrocarburos en zonas portuarias, así como os estaleiros e instalacións de reparación naval, deberán dispoñer nas proximidades das terminais e peiraos, de instalacións de recollida de residuos petrolíferos e químicos e de augas de sentinas e de almacenamento destes residuos debidamente autorizados, de instalacións para a limpeza de aceites, de graxas e doutros produtos contaminantes,*

así como os medios necesarios para prever e combater os derrames e para a prevención e loita contra a contaminación accidental terrestre e mariña.

A dispoñibilidade destas instalacións e medios será esixida por Portos de Galicia para autorizar o funcionamento das instalacións portuarias incluídas no apartado anterior, sen prexuízo das autorizacións que sexan esixibles por outras administracións".

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2014